

RESOLUCIÓN REITORAL DO 5 DE AGOSTO DE 2014 POLA QUE SE DEROGA A RESOLUCIÓN REITORAL DO 17 DE XULLO DE 2014 E SE ESTABLECEN OS PREZOS PÚBLICOS CORRESPONDENTES AOS ESTUDOS DE GRAO, MASTER E DOUTOR CURSADOS POLO ALUMNADO ESTRANXEIRO MAIOR DE DEZAOITO ANOS, QUE NON TEÑA A CONDICIÓ DE RESIDENTE, EXCLUÍDOS OS NACIONAIS DE ESTADOS MEMBROS DA UNIÓN EUROPEA E AQUELES A QUEN SEXA DE APLICACIÓN O RÉXIME COMUNITARIO.

A regulación dos prezos públicos e dereitos dos estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional ven establecida no artigo 81.3b) da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, na redacción dada polo Real Decreto-Lei 14/2012, do 20 de abril, onde se determina que serán as Comunidades Autónomas quen fixarán os mesmos nas súas respectivas universidades. O mesmo artigo establece no seu apartado segundo que os prezos públicos poderán cubrir ata o 100% dos custes das ensinanzas universitarias de Grao e Máster cando se trate de estudantes estranxeiros maiores de dezaoito anos que non teñan a condición de residentes, excluídos os nacionais de Estados membros da Unión Europea e aqueles a quen sexa de aplicación o réxime comunitario, sen prexuízo do principio de reciprocidade.

En desenvolvemento de esta Lei aprobouse o Decreto 77/2014, do 20 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2014/2015. Nel establece, no seu artigo 2º punto 5, que cada Universidade establecerá, por resolución reitoral, os prezos públicos referidos tanto para as ensinanzas de grao como de máster para aquel alumnado estranxeiro maior de dezaoito anos, que non teña a condición de residente, excluídos os nacionais de Estados membros da Unión Europea e aqueles a quen sexa de aplicación o réxime comunitario; este prezo público oscilará entre o 25% e o 100% do custo de referencia para cada un dos Epígrafes da Tarifa primeira do Anexo do devandito decreto; custo que foi establecido no artigo 2.1 do Decreto 154/2012, de 12 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional nas ensinanzas universitarias para o curso 2012/2013. De acordo co Decreto 77/2014, do 20 de xuño, esta resolución deberá motivar a decisión adoptada en base a aspectos formativos específicos e servizos complementarios ofertados a este alumnado.

Dada a situación macroeconómica actual, unha vez valoradas as posibles repercusión no contorno social e académico, en relación cos estudos de grao parece conveniente aplicar un prezo que cubra o 25% do custe de referencia establecido no artigo 2 do Decreto 154/2012, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional na enseñanza universitaria para o curso 2012/2013, para os estudantes estranxeiros maiores de dezaoito anos e non nacionais de Estados membros da Unión Europea ou nacionais de Estados ós que se lle aplica o réxime comunitario, tendo ademais en conta os recargos derivados da



realización dunha segunda ou sucesivas matrículas por parte de aqueles alumnos que non superaron as materias das que se matricularon por primeira vez.

Pola súa banda, en canto ós estudos de máster, parece adecuado establecer para aqueles alumnos estranxeiros maiores de dezaioito anos e non nacionais de Estados membros da Unión Europea ou nacionais de Estados ós que se lle aplica o réxime comunitario, un prezo público non subvencionado e polo tanto que cubra o 100% do custo de referencia establecido no artigo 2 do Decreto 154/2012 .

Por último, e dados os custes que supoñen para a Universidade os **programas de doutoramento**, esta administración se ve na obriga de aumentar os prezos correspondentes os estudos conducentes á obtención do título de doutor establecidos na Tarifa primeira do Anexo ao decreto 77/2014, do 20 de xuño, nun 100%, co obxectivo de nivelar os prezos a pagar cos custes reais de ditos programas e asemellarse así aos prezos públicos establecidos para a impartición dos programas de doutoramento noutras universidades públicas españolas.

En virtude polo tanto das razóns antes expostas e da competencia que lle atribúe o mencionado artigo 2º punto 5 do Decreto 77/2014, do 20 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2014/2015, esta REITORÍA

RESOLVE:

Primeiro.

Establécense no ANEXO os prezos públicos correspondentes aos estudos de grao, máster, máster interuniversitario e doutor cursados polo alumnado estranxeiro maior de dezaioito anos, que non teña a condición de residente, excluídos os nacionais de estados membros da Unión Europea e aqueles a quen sexa de aplicación o réxime comunitario.

Segundo.

O prezo relativo ás ensinanzas de grao cubrirá o 25% do custe de referencia establecido no artigo 2 do Decreto 154/2012, dada a situación macroeconómica actual e as necesidades económicas da universidade. O referido prezo establece no punto 1 do anexo á presente resolución e experimenta un incremento na segunda e sucesivas matrículas debido os recargos que son procedentes aplicar.



Terceiro.

O prezo relativo ás ensinanzas de máster cubrirá o 100% do custe de referencia establecido no artigo 2 do Decreto 154/2012. O referido prezo establécese no punto 2 do anexo á presente resolución. Este prezo poderá variarse por Resolución Reitoral específica para determinados másters interuniversitarios, a proposta das comisións académicas ou coordinadores, e para os efectos de poder ter o mesmo réxime de prezos no máster en todas as universidades.

Cuarto.

Os prezos públicos referentes as ensinanzas de doutoramento serán os establecidos no punto do anexo á presente resolución en relación coa Tarifa primeira do Decreto de prezos para o curso 2014-15 , e serán aplicables para aqueles alumnos maiores de dezaioito anos, que non teña a condición de residente, excluídos os nacionais de estados membros da Unión Europea e aqueles a quen sexa de aplicación o réxime comunitario, e se incrementan co obxectivo de facer fronte a parte dos custes reais dos programas e asimilarse ós prezos que para este tipo de ensinanzas establecen a maioría das universidades públicas españolas .

Quinto.

O programa PATEX poderá seguir prestando outros servizos complementarios que no correspondan a matrícula do alumnado, polos que se abonarán as tarifas fixadas polo Consello Social.

Sexto.

Derrógase e, por tanto, queda sen efecto a Resolución Reitoral do 17 de xullo de 2014 pola que se establecen os prezos públicos correspondentes aos estudos de grao, máster e doutoramento cursados polo alumnado estranxeiro maior de dezaioito anos, que non teña a condición de residente, excluídos os nacionais dos Estados membros da Unión Europea e aqueles a quen sexa de aplicación o réxime comunitario.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2014

O REITOR



Juan M. Viaño Rey

ANEXO

1. Prezo público para as ensinanzas de grao para os alumnos estranxeiros maiores de dezoito anos, que non teñan a condición de residentes, excluídos os nacionais de estados membros da unión europea e aqueles a quen sexa de aplicación o réxime comunitario.

	1ª Matrícula	2ª Matrícula	3ª Matrícula	4ª e sucesivas
Epígrafe A)	21,54 €	29,84 €	48,25 €	61,51 €
Epígrafe B)	15,21 €	21,03 €	34,03 €	43,32 €

Epígrafe A)	Epígrafe B)
Titulacións encadradas dentro da rama de Ciencias, CC Da Saúde e Enxeñería de Arquitectura	Titulacións encadradas dentro da rama de Arte e Humanidades e CC. Sociais e Xurídicas

2. Prezo público para as ensinanzas de máster para os alumnos estranxeiros maiores de dezoito anos, que non teñan a condición de residentes, excluídos os nacionais de estados membros da unión europea e aqueles a quen sexa de aplicación o réxime comunitario.

	Prezo total	Prezo por crédito
Epígrafe A)	5.170 €	86,17 €
Epígrafe B)	3.650 €	60,83 €

Epígrafe A)	Epígrafe B)
Titulacións encadradas dentro da rama de Ciencias, CC Da Saúde e Enxeñería de Arquitectura	Titulacións encadradas dentro da rama de Arte e Humanidades e CC. Sociais e Xurídicas

3. Prezo público para as ensinanzas de máster interuniversitario para os alumnos estranxeiros maiores de dezoito anos, que non teñan a condición de residentes, excluídos os nacionais de estados membros da unión europea e aqueles a quen sexa de aplicación o réxime comunitario.

(...)

4. Prezo correspondente aos estudos conducentes á obtención do título de doutor:

Titoría anual de doutorado	400 €
----------------------------	-------